

MEMORIA DO OBRADOIRO IMPARTIDO
NO IES DIONISIO GAMALLO FIERROS DE RIBADEO
POR ISIDRO NOVO

NOTAS PRELIMINARES.- O obradoiro levouse a cabo do 23 ao 27 de abril, tendo unha duración de 5 xornadas de 100 minutos e dividido en dúas seccións, denominadas **A** (composta por estudantes de 1º, 2º e 3º de ESO) e **B** (cuxos integrantes eran rapaces/zas de ESO e BAC). Esa división levou a que cada un de ámbolos dous grupos dispuxese unicamente de 2 días e ½ de taller. O alumnado do grupo **A** constaba de 14 e o do **B** de 20 participantes.

DESENVOLVEMENTO.- Seguí co meu método (que me sae case inconsciente) de propoñer o obradoiro coma un xogo e teño que dicir que non detectei ningún caso de desinterese absoluto en ningunha das dúas seccións, aínda que si diferentes graos de atención, como era de agardar. Así todo, a porcentaxe de verdadeiros interesados no tema pareceume alta e supoño que na selección de traballos pódese ver que hai xente con dignas aspiracións a ser o día de mañá un/unha escritor/a na nosa lingua con todas as da lei. Nesta ocasión atopei a mellores lectores orais, pero seguramente non tanto porque tivesen máis hábito de lectura como por ser máis desinhibidos. Adoito insistirles en que cando se fala en alto non é para un, senón para os que escoitan.